- Entre os anos 2011 e 2015, Vigo cun incremento do 3,33% é a cidade onde máis crece o número de beneficiarios de pensións non contributivas. No extremo oposto con descensos do 6,36% e 5,15% atópanse as cidades de Santiago e Pontevedra.

Figura 151

Evolución do número de beneficiarios de pensións non contributivas da  
Seguridade Social nas sete cidades galegas, 2007-2015

	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	1.164	1.100	1.129	1.117	1.104 ▼	-5,15%
Vigo	3.456	3.448	3.497	3.565	3.571 ▲	3,33%
A Coruña	2.818	2.778	2.780	2.754	2.726 ▼	-3,26%
Santiago	1.540	1.553	1.532	1.480	1.442 ▼	-6,36%
Ferrol	1.041	1.041	1.050	1.035	1.046 ▲	0,48%
Lugo	1.189	1.218	1.176	1.178	1.193 ▲	0,34%
Ourense	1.767	1.748	1.740	1.728	1.709 ▼	-3,28%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente (03-10-2016)

## BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- O número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social no conxunto da Comarca de Pontevedra diminuíu un 5,88% entre 2011 e 2015, establecéndose en 2.049 beneficiarios, dos cales un 53'88% pertencen a Cidade de Pontevedra.

Figura 152

Evolución do número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social na Comarca de Pontevedra, 2007-2015




	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
<b>Comarca de Pontevedra</b>	<b>2.177</b>	<b>2.102</b>	<b>2.086</b>	<b>2.065</b>	<b>2.049 ▼</b>	<b>-5,88%</b>
Barro	107	104	95	94	89 ▼	-16,82%
Campo Lameiro	67	67	64	64	63 ▼	-5,97%
Cotobade	106	101	95	98	95 ▼	-10,38%
A Lama	173	176	168	171	165 ▼	-4,62%
Poio	291	298	286	280	295 ▲	1,37%
Ponte Caldelas	143	130	128	116	118 ▲	-17,48%
Pontevedra	1.164	1.100	1.129	1.117	1.104 ▼	-5,15%
Vilaboa	126	126	121	125	120 ▼	-4,76%

## DETALLE DO NÚMERO DE BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- A tendencia xeral nas grandes cidades galegas sitúa o número de beneficiarios de pensións de xubilación en torno ao 60% e as de invalidez no 40% salvo en Ferrol onde a estatística vese invertida. No caso da cidade de Pontevedra as pensións de xubilación supoñen un 57,25% e as de invalidez un 42,75%
- Nas sete grandes cidades máis do 60% dos beneficiarios de pensións non contributivas da seguridade social totais son mulleres (67,93% no caso de Pontevedra).

Figura 153

### Beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social nas sete cidades galegas segundo tipo de pensión e sexo, 2015




	Total		Homes			Mulleres			
	Total	Invalidez	Xubilación	Homes	Invalidez	Xubilación	Mulleres	Invalidez	Xubilación
Pontevedra	1.104	472	632	354	225	129	750	247	503
Vigo	3.571	1.670	1.901	1.366	914	452	2.205	756	1.449
A Coruña	2.726	1.097	1.629	920	551	369	1.806	546	1.260
Santiago	1.442	598	844	464	264	200	978	334	644
Ferrol	1.046	597	449	410	293	117	636	304	332
Lugo	1.193	483	710	421	252	169	772	231	541
Ourense	1.709	778	931	603	368	235	1.106	410	696

## DETALLE DO NÚMERO DE BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- No conxunto da Comarca hai 2.049 beneficiarios de pensións contributivas, 42,85% beneficiarios de pensións de invalidez e o 57,15% de Xubilación. Cabe destacar a porcentaxe de beneficiarios de pensións de invalidez en A Lama (66%) e Poio (49,49%).
- De igual xeito no concello de A Lama a porcentaxe de beneficiarios de sexo masculino é moi superior á tendencia no resto de concellos da comarca chegando a superar o 60% do total de beneficiarios.

Figura 154

### Beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social na Comarca de Pontevedra segundo tipo de pensión e sexo, 2015



	Total			Homes			Mulleres		
	Total	Invalidez	Xubilación	Homes	Invalidez	Xubilación	Mulleres	Invalidez	Xubilación
Comarca de Pontevedra	2.049	878	1.171	680	458	222	1.369	420	949
Barro	89	32	57	19	14	5	70	18	52
Campo Lameiro	63	16	47	12	10	2	51	6	45
Cotobade	95	30	65	25	14	11	70	16	54
A Lama	165	109	56	109	90	19	56	19	37
Poio	295	146	149	110	78	32	185	68	117
Ponte Caldelas	118	38	80	21	14	7	97	24	73
Pontevedra	1.104	472	632	354	225	129	750	247	503
Vilaboa	120	35	85	30	13	17	90	22	68


## RENDAS DE INSERCIÓN SOCIAL

## BENEFICIARIOS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Nos últimos anos o número de beneficiarios de RISGA nas grandes cidades galegas aumentou de forma considerable, chegando a rexistrarse incrementos superiores ao 100% entre o ano 2011 e 2015 en 4 cidades (Santiago, Lugo, A Coruña e Ferrol).
- No relativo ao número de beneficiarios, a Cidade de Vigo concentra en 2015 2.226 beneficiarios fronte aos 217 da Cidade de Santiago. Pontevedra conta con 222 beneficiarios, 64% dos cales son homes.

Figura 155

Evolución do número de beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) nas sete cidades galegas, 2001-2015 e a súa distribución por sexo na cidade de Pontevedra 2015



	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	103	135	155	177	222 ▲	115,53%
Vigo	1.202	1.684	2.144	2.179	2.226 ▲	85,19%
A Coruña	507	609	1.005	949	1.113 ▲	119,53%
Santiago	80	89	152	131	217 ▲	171,25%
Ferrol	243	233	335	337	369 ▲	51,85%
Lugo	250	340	456	577	636 ▲	154,40%
Ourense	384	442	570	681	628 ▼	63,54%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social (01-09-2015)




## BENEFICIARIOS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Entre 2011 e 2015 o número de beneficiarios de RISGA aumentou nun 70,68% no conxunto da Comarca de Pontevedra e entre a maior parte dos concellos da Comarca coa excepción de A Lama onde se viu reducido nun 33,66%.
- O Concello de Pontevedra rexistra o 64,72% do total de beneficiarios de RISGA da Comarca de Pontevedra dos que un 62% son mulleres.

Figura 156

Evolución do número de beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) na Comarca de Pontevedra, 2001-2015 e a súa distribución por sexo 2015



	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
<b>Comarca de Pontevedra</b>	201	257	302	290	343 ▲	70,65%
Barro	3	6	7	9	11 ▲	266,67%
Campo Lameiro	0	1	2	3	1 ▼	n.a.
Cotobade	14	11	16	12	15 ▲	7,14%
A Lama	24	29	29	23	16 ▼	-33,33%
Poio	43	45	53	38	46 ▲	6,98%
Ponte Caldelas	5	16	18	14	13 ▼	160,00%
Pontevedra	103	135	155	177	222 ▲	115,53%
Vilaboa	9	14	22	14	19 ▲	111,11%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social (01-09-2015)

## BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL (AES) NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Ferrol e Santiago viron aumentar entre 2011 e 2015 o número de beneficiarios das axudas AES nun 142 e 131% respectivamente. Pontevedra no mesmo período rexistra un incremento dun 89% se ben esta variación débese ao reducido dato do ano 2011 (67), moi lonxe das cifras de 2010, 2012, 2013, 2014 e o propio 2015 todas elas en torno a 130.
- Na Cidade de Pontevedra, un 76% dos beneficiarios desta axuda son mulleres fronte ao 24% que supoñen os homes no 2015.

Figura 157

Evolución do número de beneficiarios das Axudas de Emerxencia Social (AES) nas sete cidades galegas, 2007-2015 e a súa distribución por sexo na cidade de Pontevedra 2015




	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	67	123	142	130	127 ▲	89,55%
Vigo	489	742	588	691	458 ▼	-6,34%
A Coruña	240	122	148	123	205 ▲	-14,58%
Santiago	19	14	15	14	44 ▲	131,58%
Ferrol	47	32	58	40	114 ▲	142,55%
Lugo	234	239	257	314	267 ▼	14,10%
Ourense	235	284	319	400	406 ▲	72,77%

## BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL (AES) NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- O número de beneficiarios de axudas de emerxencia social descendieron na comarca con respecto ao ano 2015 (147 no 2016). No período 2011-2016 os beneficiarios incrementáronse un 32,43%
- Do mesmo xeito que acontece na Cidade de Pontevedra, no conxunto da Comarca os beneficiarios das AES son maioritariamente mulleres (70% do total), ademais a Cidade de Pontevedra alberga o 86,39% dos beneficiarios destas axudas na Comarca de Pontevedra.

Figura 158

Evolución do número de beneficiarios das Axudas de Emerxencia Social (AES) na Comarca de Pontevedra, 2007-2015 e a súa distribución por sexo 2015



	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
<b>Comarca de Pontevedra</b>	111	172	183	166	147▼	32,43%
Barro	2	0	1	2	0▼	-100,00%
Campo Lameiro	2	0	0	0	0=	-100,00%
Cotobade	5	2	2	3	4▲	-20,00%
A Lama	6	11	4	1	9▲	50,00%
Poio	26	28	27	26	4▼	-84,62%
Ponte Caldelas	3	7	6	3	2▼	-33,33%
Pontevedra	67	123	142	130	127▼	89,55%
Vilaboa	0	1	1	1	1=	n.a.

## GASTOS EN VIVENDA


## FOGARES QUE TEÑEN GASTO EN HIPOTECA DA VIVENDA

## PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre 2011 e 2015 produciuse un descenso do porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca en tódalas cidades coa excepción de Pontevedra, onde este indicador aumentou un 0,97%. Cabe destacar que nas cidades de Lugo, Vigo, Ferrol e Ourense os descensos rexistrados atópanse entre o 18% e o 34%.
- No ano 2015 en Pontevedra o 26,15% de fogares presentaban gasto en hipoteca, cifra que é superior ou moi superior comparativamente co resto de grandes cidades galegas posto que todas elas presentan unha incidencia deste gasto entre o 23,22% de A Coruña e o 17,09% de Santiago.

Figura 159

Evolución do número fogares que teñen gasto en hipoteca da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2015 e evolución da súa incidencia 2011-2015



INCIDENCIA (%)	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	25,90	29,11	24,37	30,46	26,15 ▼	0,97%
Vigo	24,18	20,51	22,47	20,47	19,48 ▼	-19,44%
A Coruña	25,25	24,39	21,63	22,93	23,22 ▲	-8,04%
Santiago	18,17	19,67	20,69	18,14	17,09 ▼	-5,94%
Ferrol	22,05	21,94	23,26	19,03	17,26 ▼	-21,72%
Lugo	27,82	32,22	32,04	24,87	22,57 ▼	-18,87%
Ourense	26,84	23,02	20,53	21,60	17,69 ▼	-34,09%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (30-12-2016). Nota: os datos refírense a 31 de decembro. A incidencia calcúlase, para cada concello, como a porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca sobre o total de fogares nese concello.

## FOGARES QUE TEÑEN GASTO EN ALUGUER DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Ao contrario que acontecía co gasto en hipoteca, a porcentaxe de fogares con gasto en aluguer é especialmente baixa na Cidade de Pontevedra (11,77%) mentres que no resto de cidades a cifra supera sempre o 15%, chegando incluso na Cidade de A Coruña ao 24,08%.
- Nesta mesma liña, entre 2011 e 2015 o nº de fogares con gasto en aluguer aumentou en tódalas cidades salvo Vigo e Pontevedra onde descenderon un 8,92% no caso de Vigo e especialmente na cidade pontevedresa cunha variación do -26,85%.

Figura 160

Evolución do número fogares que teñen gasto en aluguer da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2015 e evolución da súa incidencia 2011-2015



INCIDENCIA (%)	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	16,09	12,67	15,22	10,52	11,77 ▲	-26,85%
Vigo	22,20	21,10	16,70	19,17	20,22 ▲	-8,92%
A Coruña	22,44	23,68	23,43	26,61	24,08 ▼	7,31%
Santiago	19,23	23,62	14,94	16,74	19,50 ▲	1,40%
Ferrol	16,45	15,74	17,64	14,71	17,48 ▲	6,26%
Lugo	14,25	13,41	10,21	15,19	15,01 ▼	5,33%
Ourense	17,54	18,13	15,28	15,52	21,64 ▲	23,38%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (30-12-2016). Nota: os datos refírense a 31 de decembro. A incidencia calcúlase, para cada concello, como a porcentaxe de fogares con gasto en aluguer sobre o total de fogares nese concello.

## GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Tras un descenso xeneralizado no ano 2014, o gasto medio mensual dos fogares na hipoteca da vivenda principal no 2015 viuse incrementado nas cidades de Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ferrol e Ourense.
- Pontevedra é a terceira cidade onde maior é o gasto mensual neste concepto (415,83€) tan só por detrás de A Coruña (437,67€) e Santiago de Compostela(420,13€).
- Entre os anos 2011 e 2015 o gasto neste concepto viuse reducido nas sete grandes cidades. Se ben é Pontevedra a cidade que presenta o menor descenso (-3,16%) hai que ter en conta o pronunciado descenso que se produciu entre 2009 e 2011 pasando da cidade con maior gasto medio mensual en hipoteca a unha posición intermedia.

Figura 161

### Evolución do gasto medio mensual do fogar en hipoteca da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2015 e evolución 2011-2015




	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	429,42	422,44	415,36	410,51 ▼	415,83 ▲	-3,16%
Vigo	497,08	474,79	432,69	459,23 ▲	409,63 ▼	-17,59%
A Coruña	478,29	504,22	477,62	427,41 ▼	437,67 ▲	-8,49%
Santiago	487,25	500,89	452,99	412,97 ▼	420,13 ▲	-13,78%
Ferrol	391,52	381,77	371,79	364,76 ▼	373,76 ▲	-4,54%
Lugo	371,03	371,22	377,97	357,93 ▼	337,98 ▼	-8,91%
Ourense	428,94	395,56	397,12	377,11 ▼	382,92 ▲	-10,73%

## GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre os anos 2011 e 2015, o gasto medio mensual do fogar en aluguer da vivenda principal tan só descende en Vigo e Lugo con descensos inferiores ao 2%. No extremo oposto atopamos a cidade de Pontevedra onde o gasto en aluguer ascende un 23,31% no mesmo período.
- Pontevedra é, no ano 2015 tras un incremento respecto ao ano anterior, a segunda cidade con maior gasto neste concepto (351,19€) xusto por detrás de Santiago de Compostela (359,27€).

Figura 162

Evolución do gasto medio mensual do fogar en aluguer da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2015 e evolución 2011-2015



	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	285,38	365,47	302,75	327,92	351,19 ▲	23,06%
Vigo	352,56	326,15	305,69	337,42	346,87 ▲	-1,61%
A Coruña	304,05	354,99	311,29	339,58	329,12 ▼	8,25%
Santiago	330,38	350,87	355,44	342,69	359,27 ▲	8,74%
Ferrol	176,02	190,59	198,67	215,35	186,05 ▼	5,70%
Lugo	285,66	272,52	253,73	297,68	282,46 ▼	-1,12%
Ourense	278,30	284,14	264,10	310,96	298,53 ▼	7,27%


## RISCO DE POBREZA

## TAXA DE RISCO DE POBREZA NAS SETE CIDADES GALEGAS

- A tendencia da taxa de risco de pobreza no tramo de anos comprendido entre 2007 e 2009 era a baixa, a partir dese ano a tendencia xeral é a alza.
- No período 2011-2015 tódalas cidades viron aumentar a súa taxa de pobreza, principalmente destacable é o caso de Santiago cun aumento do 30,54%. A Coruña é a única excepción cun descenso do 0,66%.
- Pontevedra presenta a 2ª taxa máis alta do conxunto das sete grandes cidade (17,69) tras un forte incremento entre 2014 e 2015.

Figura 163

## Evolución da taxa de risco de pobreza nas sete cidades galegas, 2007-2015 e evolución 2011-2015



(%)	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	16,44	14,60	15,46	13,53	17,69 ▲	7,60%
Vigo	16,10	13,63	17,64	16,50	18,24 ▲	13,29%
A Coruña	10,57	13,05	16,01	12,02	10,50 ▼	-0,66%
Santiago	9,43	13,86	10,73	14,03	12,31 ▼	30,54%
Ferrol	15,72	17,48	17,70	16,52	15,78 ▼	0,38%
Lugo	10,68	12,51	11,01	11,48	13,55 ▲	26,87%
Ourense	14,16	16,08	14,34	16,27	17,21 ▲	21,54%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (30-12-2016)

Nota: a taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen. (ver Anexo: Aclaracións terminolóxicas).




## TAXA DE RISCO DE POBREZA (ESTRATEGIA EUROPA 2020) NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Este indicador, que inclúe máis situacións posibles que o anterior como criterio para consideración de poboación en risco de pobreza ou exclusión social, ofrece unhas porcentaxes superiores para tódolos concellos que o indicador anteriormente comentado.
- Baixo estes criterios, en 2015 Pontevedra presenta a 2ª taxa de risco máis elevada por detrás de Vigo (25,15%).
- Por evolución entre os anos 2011 e 2015 A Coruña é a única cidade cunha porcentaxe de variación positiva, pois redúcese a taxa nun 2,38%.

Figura 164

### Evolución da taxa de risco de pobreza (Estrategia Europa 2020) nas sete cidades galegas, 2011-2015



(%)	2011	2012	2013	2014	2015	% Variación 2011/2015
Pontevedra	24,58	20,62	23,00	20,07	25,02 ▲	1,79%
Vigo	22,06	21,21	24,19	22,18	25,15 ▲	14,01%
A Coruña	17,62	19,09	22,39	19,20	17,20 ▼	-2,38%
Santiago	16,15	18,70	18,02	17,53	16,61 ▼	2,85%
Ferrol	22,13	22,97	25,78	25,87	22,49 ▼	1,63%
Lugo	13,92	17,71	14,50	15,95	15,37 ▼	10,42%
Ourense	17,85	23,24	20,40	19,52	23,14 ▲	29,64%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (30-12-2016)

Nota: a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións :- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)- En carencia material severa - Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.



# ÁMBITO

ESTRUTURA

EMPRESARIAL


## CENSO EMPRESARIAL

## CENSO EMPRESARIAL DA CIDADE DE PONTEVEDRA

- En Pontevedra creáronse 869 empresas no ano 2015, unha cifra superior ao número de baixas (793) que indica un cambio no saldo que pasa a ser positivo (78 empresas), cunha permanencia que alcanza as 5.916 empresas.
- Entre os anos 2010-2014, coa anterior metodoloxía, as altas de empresas creceron nun 21,32%, o mellor dato das sete grandes cidades galegas; as que causan baixa en Pontevedra descendieron significativamente nun 11,88%.

Figura 165

Evolución da creación de empresas das sete cidades galegas e Censo Empresarial da cidade de Pontevedra, 2010-2015.



CENSO EMPRESARIAL CONCELLO DE PONTEVEDRA	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010-2014	CAMBIO METODOLÓXICO	2015
	Alta	605	626	647	729	734▲		21,32%
Permanencia	6.236	6.170	5.971	5.775	5.698▼	-8,63%		5.916
Baixa	901	647	794	839	794▲	-11,88%		793

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2016) Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.


## CENSO EMPRESARIAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Na Comarca de Pontevedra creáronse durante o ano 2015 1.250 empresas, ao tempo que se rexistraron 1.147 baixas co que se manifesta un cambio de tendencia ao ser o saldo positivo (103 empresas). As permanencias alcanzan as 8.807 empresas na comarca.
- Entre o ano 2010 e 2014 as baixas víronse reducidas en máis dun 10%, se ben nese mesmo período caeu a porcentaxe de permanencia de empresas (-7,90%).

Figura 166

Evolución da creación de empresas e Censo Empresarial da Comarca de Pontevedra, 2010-2015.

### Evolución da creación de empresas 2010-2014



CENSO EMPRESARIAL COMARCA DE PONTEVEDRA	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010-2014	CAMBIO METODOLÓXICO	2015
	Alta	852	887	971	1.031	1.031=		21,01%
Permanencia	8.518	8.467	8.177	7.960	7.845▼	-7,90%	8.807	
Baixa	1.277	924	1.161	1.182	1.143▼	-10,49%	1.147	

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2016) Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

## CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)

- Pontevedra presenta o terceiro maior índice de actividade emprendedora (15,77) por detrás de Ourense (16,51) e Santiago (16,40)
- Entre 2010 e 2014 (coa anterior metodoloxía) a cidade de Pontevedra é a cidade galega con maior crecemento do número de altas (21,31%) ao mesmo tempo que se sitúa como a cidade onde en maior medida diminúe o número de baixas (-11,88%).

Figura 167

Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) das sete cidades galegas, 2010-2015.

ALTAS	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010/2014	CAMBIO METODOLÓXICO	2015	Índice de actividade emprendedora
Pontevedra	605	626	647	729	734 ▲	21,32%			869
Vigo	2.204	2.303	2.420	2.399	2.467 ▲	11,93%		2.882	14,81
A Coruña	1.918	1.971	2.045	2.067	2.129 ▲	11,00%		2.477	15,75
Santiago	863	840	891	911	1.011 ▲	17,15%		1.050	16,40
Ferrol	330	344	381	386	371 ▼	12,42%		487	11,19
Lugo	820	669	796	812	962 ▲	17,32%		1.005	15,44
Ourense	891	825	936	913	927 ▲	4,04%		1.116	16,51
PERMANENCIAS	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010/2014		2015	
Pontevedra	6.236	6.170	5.971	5.775	5.698 ▼	-8,63%		5.916	
Vigo	22.131	21.575	21.111	20.712	20.185 ▼	-8,79%		20.374	
A Coruña	20.847	20.288	19.805	19.359	18.947 ▼	-9,11%		19.124	
Santiago	9.030	8.997	8.687	8.524	8.409 ▼	-6,88%		8.781	
Ferrol	4.009	3.789	3.686	3.599	3.476 ▼	-13,30%		3.560	
Lugo	8.005	8.169	8.000	7.769	7.607 ▼	-4,97%		8.314	
Ourense	8.661	8.612	8.453	8.336	8.176 ▼	-5,60%		8.366	
BAIXAS	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010/2014		2015	
Pontevedra	901	647	794	839	794 ▼	-11,88%		793	
Vigo	2.416	2.534	2.674	2.726	2.881 ▲	19,25%		2.490	
A Coruña	2.091	2.134	2.393	2.440	2.474 ▲	18,32%		2.165	
Santiago	1.183	777	1.117	1.055	1.046 ▼	-11,58%		939	
Ferrol	555	421	419	464	505 ▲	-9,01%		447	
Lugo	848	733	834	1.018	965 ▼	13,80%		898	
Ourense	899	926	947	1.001	1.075 ▲	19,58%		909	

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2016)


Índice de actividade emprendedora: Altas entre a Poboación Potencialmente Activa\*1000hab.

Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

## CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)

Figura 168

Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) das sete cidades galegas, 2010-2014 e índice de actividade emprendedora 2015.



## CENSO EMPRESARIAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA (DETALLE)

- Na comarca de Pontevedra no 2015 o índice de actividade emprendedora é de 15,35 (Altas de empresa entre a Poboación Potencialmente Activa\*1000hab). Os maiores índices sitúanse en Poio (16,56) e Barro (16,20) e os mais baixos en Campo Lameiro e Ponte Caldelas ( 9,87 e 9,66 respectivamente).
- Na Comarca de Pontevedra as altas de empresas evolucionaron positivamente entre os anos 2010 e 2014 (21,01%). Nese período os maiores incrementos danse en Campo Lameiro, A Lama e Cotobade. As baixas de empresas na Comarca entre 2010 e 2014 experimentaron un descenso do 10,49%, especialmente por efecto do descenso en Pontevedra, A Lama e Poio.

Figura 169

### Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) da Comarca de Pontevedra, 2010-2015.

ALTAS	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010/2014	CAMBIO METODOLÓXICO	2015	Índice de actividade emprendedora
Comarca de Pontevedra	852	887	971	1.031	1.031=	21,01%			1.250
Barro	29	29	24	29	34 ▲	17,24%		39	16,20
Campo Lameiro	5	7	7	8	11 ▲	120,00%		11	9,87
Cotobade	18	23	30	29	32 ▲	77,78%		33	12,37
A Lama	7	13	14	15	13 ▼	85,71%		15	9,66
Poio	108	125	152	136	126 ▼	16,67%		187	16,56
Ponte Caldelas	42	25	45	35	42 ▲	0,00%		47	13,45
Pontevedra	605	626	647	729	734 ▲	21,32%		869	15,77
Vilaboa	38	39	52	50	39 ▼	2,63%		49	12,93
PERMANENCIAS	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010/2014		2015	
Comarca de Pontevedra	8.518	8.467	8.177	7.960	7.845 ▼	-7,90%		8.807	
Barro	224	238	236	229	227 ▼	1,34%		265	
Campo Lameiro	87	86	83	81	78 ▼	-10,34%		98	
Cotobade	158	168	170	176	173 ▼	9,49%		228	
A Lama	86	80	76	70	78 ▲	-9,30%		139	
Poio	1.027	1.020	977	953	938 ▼	-8,67%		1.339	
Ponte Caldelas	303	321	303	319	307 ▼	1,32%		346	
Pontevedra	6.236	6.170	5.971	5.775	5.698 ▼	-8,63%		5.916	
Vilaboa	397	384	361	357	346 ▼	-12,85%		476	
BAIXAS	2010	2011	2012	2013	2014	% Variación 2010/2014		2015	
Comarca de Pontevedra	1.277	924	1.161	1.182	1.143 ▼	-10,49%		1.147	
Barro	31	20	32	31	30 ▼	-3,23%		32	
Campo Lameiro	9	8	13	9	11 ▲	22,22%		10	
Cotobade	28	21	25	25	32 ▲	14,29%		35	
A Lama	14	9	16	19	7 ▼	-50,00%		24	
Poio	177	131	174	173	158 ▼	-10,73%		165	
Ponte Caldelas	40	35	46	35	50 ▲	25,00%		46	
Pontevedra	901	647	794	839	794 ▼	-11,88%		793	
Vilaboa	77	53	61	51	61 ▲	-20,78%		42	

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2016)

Índice de actividade emprendedora: Altas entre a Poboación Potencialmente Activa\*1000hab.


Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.



## CENSO EMPRESARIAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA (DETALLE)

Figura 170

Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) da Comarca de Pontevedra, 2010-2014 e índice de actividade emprendedora 2015.




## FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES MERCANTÍS

### FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES MERCANTÍS CONSTITUIDAS NAS SETE CIDADES GALEGAS

- As empresas domiciliadas no Concello de Pontevedra constitúense baixo a forma de persoas físicas (53%) ou de Sociedades Limitadas (38%), non tendo apenas relevancia categorías tales como as Sociedades Anónimas (2%) ou Cooperativas.
- O sector de actividade con maior presenza no Concello de Pontevedra é o sector servizos (79%). O peso do sector da Construción é do 13%, Industria do 4% e agricultura e pesca tamén do 4%.
- Entre 2015 e 2016 produciuse un aumento xeneralizado no número de sociedades constituídas, especialmente na cidade de Pontevedra situándose como a cidade co maior crecemento neste intervalo (22,92%) . Na evolución dos últimos 5 anos Pontevedra en 2016 presenta cifras idénticas ás de 2012.

Figura 171

Forma Xurídica e Sector de Actividade das empresas de Pontevedra, 2015 e evolución das sociedades mercantís constituídas nas sete grandes cidades, 2012-2016.



Sociedades mercantís constituídas	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Pontevedra	177	189	189	144	177 ▲	0,00%
Vigo	699	649	736	640	688 ▲	-1,57%
A Coruña	546	600	578	542	602 ▲	10,26%
Santiago	218	237	202	209	245 ▲	12,39%
Ferrol	61	53	59	52	56 ▲	-8,20%
Lugo	168	208	184	158	173 ▲	2,98%
Ourense	202	189	199	191	226 ▲	11,88%


> Fonte: (Táboa) IGE . Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) (05-01-2017). Non hai datos previos a 2012. (Figura) IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais (27/12/2016). Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

## FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES MERCANTÍS CONSTITUIDAS NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Coma se desprende da comparación entre as gráficas de distribucións segundo forma xurídica e actividade principal correspondentes á Comarca de Pontevedra e as mesmas para o concello de Pontevedra as principais diferenzas radican nun maior peso do sector agricultura e pesca na Comarca en detrimento do sector servizos e un aumento na porcentaxe de persoas físicas.
- A mesma situación acontece coas sociedades mercantís constituídas onde o concello de Pontevedra representa no ano 2015 o 76,6% do total das sociedades constituídas na comarca.

Figura 172

Forma Xurídica e Sector de Actividade das empresas da Comarca de Pontevedra, 2015 e evolución das sociedades mercantís constituídas na Comarca de Pontevedra, 2012-2016.



Sociedades mercantís constituídas	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Comarca de Pontevedra	231	235	250	188	241 ▲	4,33%
Barro	7	6	7	5	7 ▲	0,00%
Campo Lameiro	2	0	1	1	2 ▲	0,00%
Cotobade	1	1	2	1	8 ▲	700,00%
A Lama	1	0	1	2	2 =	100,00%
Poio	28	29	34	16	29 ▲	3,57%
Ponte Caldelas	9	4	11	8	4 ▼	-55,56%
Pontevedra	177	189	189	144	177 ▲	0,00%
Vilaboa	6	6	5	11	12 ▲	100,00%

> Fonte: (Táboa) IGE . Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) (05-01-2017). Non hai datos previos a 2012. (Figura) IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais (27/12/2016). Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

## EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

## SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE

- A distribución por rama de actividade do número de empresas con sede en cada unha das sete grandes cidades de Galicia é moi similar cunha preponderancia da rama de Servizos sempre en torno do 80% (Pontevedra 79,12%). A industria varia entre o 5,17% e o 3,66% (Pontevedra 3,88%).
- A rama de actividade (G) Comercio por xunto e ao retallo é a rama principal nas sete cidades galegas, sendo Vigo (27,01%) e Pontevedra (25,10%) as cidades con maior peso de empresas neste ámbito.

Figura 173

Número de empresas con sede social nas sete grandes cidades galegas segundo sector e rama de actividade, 2015


	A Coruña	Ferrol	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
<b>TOTAL</b>	<b>21.601</b>	<b>4.047</b>	<b>9.831</b>	<b>9.319</b>	<b>9.482</b>	<b>6.785</b>	<b>23.256</b>
<b>1 AGRICULTURA E PESCA</b>	<b>0,97%</b>	<b>4,15%</b>	<b>2,77%</b>	<b>6,57%</b>	<b>1,94%</b>	<b>3,99%</b>	<b>0,83%</b>
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	0,97%	4,15%	2,77%	6,57%	1,94%	3,99%	0,83%
<b>2 INDUSTRIA, INCLUIDA A ENERXÍA</b>	<b>3,94%</b>	<b>3,63%</b>	<b>4,88%</b>	<b>4,66%</b>	<b>5,17%</b>	<b>3,88%</b>	<b>5,59%</b>
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	0,03%	0,02%	0,07%	0,20%	0,07%	0,07%	0,04%
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	3,60%	3,41%	4,26%	3,90%	4,55%	3,71%	5,18%
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	0,17%	0,02%	0,47%	0,44%	0,44%	0,04%	0,18%
E FORNECIMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	0,13%	0,17%	0,08%	0,12%	0,11%	0,04%	0,19%
<b>3 CONSTRUCCIÓN</b>	<b>11,68%</b>	<b>10,48%</b>	<b>9,91%</b>	<b>12,61%</b>	<b>14,16%</b>	<b>13,01%</b>	<b>10,93%</b>
F CONSTRUCCIÓN	11,68%	10,48%	9,91%	12,61%	14,16%	13,01%	10,93%
<b>4 SERVIZOS</b>	<b>83,42%</b>	<b>81,74%</b>	<b>82,44%</b>	<b>76,17%</b>	<b>78,73%</b>	<b>79,12%</b>	<b>82,65%</b>
G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	22,36%	23,67%	21,59%	23,41%	24,27%	25,10%	27,01%
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	5,23%	3,53%	4,36%	5,87%	3,83%	4,16%	6,01%
I HOSTALARÍA	8,73%	13,34%	9,73%	7,79%	9,46%	8,83%	8,43%
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	2,26%	0,96%	2,68%	1,18%	1,14%	1,36%	2,16%
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	2,68%	2,74%	1,85%	2,31%	2,73%	2,02%	2,62%
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	4,30%	3,04%	3,66%	3,08%	3,43%	3,82%	3,44%
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	17,63%	12,68%	15,24%	13,71%	13,76%	14,81%	14,29%
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	3,92%	2,79%	3,96%	2,63%	2,86%	2,65%	3,47%
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA	0,05%	0,07%	0,36%	0,09%	0,08%	0,09%	0,03%
P EDUCACIÓN	3,37%	4,32%	3,95%	3,70%	3,84%	3,29%	3,28%
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	5,52%	6,15%	6,05%	5,11%	5,37%	5,64%	4,41%
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	2,43%	2,82%	3,13%	2,17%	2,09%	2,58%	2,30%
S OUTROS SERVIZOS	4,95%	5,61%	5,88%	5,12%	5,87%	4,78%	5,20%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais (27/12/2016).

## EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE

Figura 174

Porcentaxe de empresas con sede social nas sete grandes cidades galegas segundo sector 2015 e con sede social na cidade de Pontevedra segundo rama de actividade 2015.




## TAMAÑO DAS EMPRESAS

## TAMAÑO DAS EMPRESAS DAS SETE CIDADES GALEGAS

- A gran maioría das 6.785 empresas con sede social no Concello de Pontevedra no ano 2015 non posúen asalariados ou tan só teñen de 1 a 2 empregados (84,6%). As pequenas empresas de 0 a 9 empregados compoñen así, a práctica totalidade do tecido empresarial pontevedrés (96,2%).
- Os datos anteriores reflicten unha estrutura similar a do resto das sete cidades galegas.

Figura 175

Tamaño das empresas do Concello de Pontevedra segundo estrato de asalariados, 2015 e distribución nas sete grandes cidades



Concello de Pontevedra

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
<b>Total</b>	21.601	4.047	9.831	9.319	9.482	6.785	23.256
de 0 a 2	85,8%	86,7%	83,0%	85,0%	85,4%	84,6%	83,4%
de 3 a 5	7,2%	7,1%	8,5%	8,2%	8,2%	8,1%	8,6%
de 6 a 9	3,0%	2,9%	3,3%	3,0%	3,2%	3,5%	3,4%
de 10 a 19	2,1%	2,1%	2,7%	2,2%	1,9%	2,3%	2,4%
de 20 a 49	1,2%	0,8%	1,4%	1,1%	0,8%	1,0%	1,5%
de 50 a 99	0,3%	0,2%	0,5%	0,3%	0,2%	0,3%	0,4%
de 100 a 249	0,2%	0,1%	0,3%	0,1%	0,1%	0,1%	0,2%
de 250 ou máis	0,1%	0,1%	0,2%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2016). Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.


Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías “sen asalariados” e “ de 1 a 2” nunha única categoría.

## TAMAÑO DAS EMPRESAS DA CIDADE DE PONTEVEDRA

- Pontevedra presenta un incremento do número de empresas do 1,16% (6.707 a 6.785) entre os anos 2014 e 2015.
- Porcentualmente dáse un descenso máis intenso nas empresas de máis dimensión.

**Figura 176**

### Evolución do tamaño das empresas da cidade de Pontevedra 2014-2015



	2014	2015	% Variación 2014/2015
<b>Total</b>	<b>6.707</b>	<b>6.785</b>	<b>1,16%</b>
de 0 a 2	5.682	5.737	0,97%
de 3 a 5	537	552	2,79%
de 6 a 9	224	240	7,14%
de 10 a 19	153	154	0,65%
de 20 a 49	75	69	-8,00%
de 50 a 99	24	21	-12,50%
de 100 a 249	7	8	14,29%
de 250 ou máis	5	4	-20,00%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2016). Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.


Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías “sen asalariados” e “ de 1 a 2” nunha única categoría. Neste indicador o IGE proporcionou os datos do 2014 xa adaptados a nova metodoloxía

## TAMAÑO DAS EMPRESAS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- A maior parte das 10.057 empresas con sede social na Comarca de Pontevedra no ano 2015 non posúen asalariados ou tan só teñen de 1 a 2 empregados (85,8%). As pequenas empresas de 0 a 9 empregados compoñen a práctica totalidade do tecido empresarial comarcal (96,4%).

Figura 177

Tamaño das empresas da Comarca de Pontevedra segundo estrato de asalariados 2015 e distribución nos concellos da Comarca de Pontevedra



Comarca de Pontevedra

	Comarca Pontevedra	Barro	Campo Lameiro	Cotobade	Lama, A	Poio	Ponte Caldelas	Pontevedra	Vilaboa
<b>Total</b>	10.057	304	109	261	154	1.526	393	6.785	525
de 0 a 2	85,8%	84,2%	84,4%	92,0%	92,9%	89,6%	85,8%	84,6%	87,2%
de 3 a 5	7,5%	7,2%	10,1%	5,0%	1,9%	5,2%	8,7%	8,1%	7,8%
de 6 a 9	3,1%	4,9%	1,8%	0,8%	1,9%	2,5%	1,8%	3,5%	1,5%
de 10 a 19	2,1%	2,0%	2,8%	1,1%	1,9%	1,4%	2,0%	2,3%	1,9%
de 20 a 49	1,0%	1,6%	0,9%	0,8%	0,6%	0,5%	1,5%	1,0%	1,0%
de 50 a 99	0,3%	0,0%	0,0%	0,4%	0,6%	0,4%	0,0%	0,3%	0,6%
de 100 a 249	0,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,2%	0,3%	0,1%	0,0%
de 250 ou máis	0,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,3%	0,0%	0,1%	0,0%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2016). Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.

Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías "sen asalariados" e "de 1 a 2" nunha única categoría. Neste indicador o IGE proporcionou os datos do 2014 xa adaptados a nova metodoloxía.




## TAMAÑO DAS EMPRESAS DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- O total de empresas na Comarca de Pontevedra aumentou un 1,20% entre os anos 2014 e 2015.
- Entre as maiores empresas, as de entre 100 e 249 empregados viron aumentar o seu número pasando de 10 en 2014 a 12 en 2015, período no cal as empresas con 250 ou máis empregados reduciuse en 1 empresa (de 9 a 8).

**Figura 178**

### Evolución do tamaño das empresas da Comarca de Pontevedra 2014-2015



	2014	2015	% Variación 2014/2015
<b>Total</b>	9.938	10.057	1,20%
de 0 a 2	8.554	8.630	0,89%
de 3 a 5	715	756	5,73%
de 6 a 9	312	315	0,96%
de 10 a 19	197	208	5,58%
de 20 a 49	106	96	-9,43%
de 50 a 99	35	32	-8,57%
de 100 a 249	10	12	20,00%
de 250 ou máis	9	8	-11,11%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2016). Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.

Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías “sen asalariados” e “ de 1 a 2” nunha única categoría. Neste indicador o IGE proporcionou os datos do 2014 xa adaptados a nova metodoloxía


## PRODUTO INTERIOR BRUTO

## PIB EN MILES DE EUROS DAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre os anos 2010 e 2014, o PIB en miles de euros, descendeu nas sete grandes cidades galegas, descenso encabezado pola variación negativa do 12,19% rexistrada na cidade de Santiago, seguida de Ourense (-11,52%) e Ferrol (-10,44)
- Pontevedra (-9,60%) sitúase na posición intermedia dentro deste contexto de descenso xeneralizado nas sete grandes cidades cun PIB no 2014 de 1.712.476 miles de €.

Figura 179

Produto Interior Bruto en miles de euros das sete cidades galegas, 2010-2014



	2010	2012	2014	% Variación 2010/2014
Pontevedra	1.894.233	1.839.312	1.712.476 ▼	-9,60%
Vigo	7.438.199	7.037.821	7.035.846 ▼	-5,41%
A Coruña	6.303.274	6.141.919	6.024.477 ▼	-4,42%
Santiago	3.569.581	3.356.617	3.134.412 ▼	-12,19%
Ferrol	1.567.460	1.417.460	1.403.858 ▼	-10,44%
Lugo	2.264.735	2.172.203	2.115.728 ▼	-6,58%
Ourense	2.322.866	2.187.455	2.055.255 ▼	-11,52%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - IGE.Producto interior bruto municipal. Base 2010, IGE. Cifras poboacionais de referencia (21-12-2016)


Os datos de 2010 e 2012 son agora definitivos, os de 2014 son provisionais.

## PIB EN MILES DE EUROS DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- O dato máis salientable do PIB comarcal, que en 2014 acadou a cifra de 2.302.521 miles de €, é a alta porcentaxe do mesmo que representa a cidade pontevedresa, sobrepasando o 74% do total tanto no ano 2014 se ben en 2010 e 2012 sobrepasaba o 76%.
- No ámbito comarcal, máis precisamente no ano 2014, rexistráronse incrementos no PIB en miles de euros nos concellos de Barro, A Lama, Poio e Ponte Caldelas, destacando especialmente estes dous últimos concellos, con incrementos que supoñen unha variación entre 2010 e 2014 do 2,43% e 11,60% respectivamente, mentres que no conxunto da comarca representou o -7,49%.

**Figura 180**

**Produto Interior Bruto en miles de euros da Comarca de Pontevedra, 2010-2014**



	2010	2012	2014	% Variación 2010/2014
<b>Comarca de Pontevedra</b>	<b>2.489.030</b>	<b>2.398.613</b>	<b>2.302.521 ▼</b>	<b>-7,49%</b>
Barro	61.492	58.595	60.509 ▲	-1,60%
Campo Lameiro	29.186	27.377	26.800 ▼	-8,18%
Cotobade	52.586	49.800	49.330 ▼	-6,19%
A Lama	61.453	57.534	60.557 ▲	-1,46%
Poio	212.613	197.243	217.775 ▲	2,43%
Ponte Caldelas	73.164	73.438	81.654 ▲	<b>11,60%</b>
Pontevedra	1.894.233	1.839.312	1.712.476 ▼	-9,60%
Vilaboa	104.303	95.314	93.420 ▼	<b>-10,43%</b>

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - IGE.Producto interior bruto municipal. Base 2010, IGE. Cifras poboacionais de referencia (21-12-2016)


Os datos de 2010 e 2012 son agora definitivos, os de 2014 son provisionais.

## PIB EN EUROS POR HABITANTE DAS SETE CIDADES GALEGAS

- En cifras absolutas, no ano 2014 Pontevedra sitúase en quinta posición das sete grandes cidades galegas no relativo ao PIB medido en euros por habitante con 21.253€, sendo Santiago a cidade que máis despunta cun ratio de 32.637€ por habitante, 8.000€ por habitante máis que a seguinte cidade da lista (Ferrol).
- Entre 2010 e 2014 o PIB en euros por habitante descendeu nas sete cidades galegas, facéndoo de forma máis pronunciada na Cidade de Santiago (-13,51%) seguida de Pontevedra (-11,45%).

Figura 181

Produto Interior Bruto en euros por habitante das sete cidades galegas, 2010-2014



	2010	2012	2014	% Variación 2010/2014
Pontevedra	24.001	23.006	21.253 ▼	-11,45%
Vigo	25.685	24.296	24.416 ▲	-4,94%
A Coruña	21.680	20.052	20.356 ▲	-6,11%
Santiago	37.737	35.084	32.637 ▼	-13,51%
Ferrol	26.097	25.318	24.987 ▼	-4,25%
Lugo	23.517	22.358	21.800 ▼	-7,30%
Ourense	21.875	20.800	19.720 ▼	-9,85%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - IGE. Produto interior bruto municipal. Base 2010, IGE. Cifras poboacionais de referencia (21-12-2016)


Os datos de 2010 e 2012 son agora definitivos, os de 2014 son provisionais.

## PIB EN EUROS POR HABITANTE DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- A Cidade de Pontevedra conta cun PIB por habitante de 21.253€ en 2014, o que a sitúa como un dos únicos concellos da Comarca que supera os 20.000€ por habitante, xunto co concello de A Lama (22.198€ por habitante).
- De igual xeito que acontecía coas sete grandes cidades, entre 2010 e 2014 o PIB por habitante descendeu en case tódolos concellos da Comarca, con descensos que acadan o 11,45% coma sucede en Pontevedra. Ponte Caldelas e A Lama son as excepcións con incrementos rexistrados do 12,01% e 4,07% respectivamente.

Figura 182

### Produto Interior Bruto euros por habitante da Comarca de Pontevedra, 2010-2014



	2010	2012	2014	% Variación 2010/2014
Comarca de Pontevedra	20.665	19.679	18.781 ▼	-9,12%
Barro	16.879	15.722	16.076 ▲	-4,76%
Campo Lameiro	14.300	13.580	13.529 ▼	-5,39%
Cotobade	11.900	11.310	11.275 ▼	-5,25%
A Lama	21.330	20.194	22.198 ▲	4,07%
Poio	12.962	11.740	12.773 ▲	-1,46%
Ponte Caldelas	11.871	11.912	13.297 ▲	12,01%
Pontevedra	24.001	23.006	21.253 ▼	-11,45%
Vilaboa	17.462	15.939	15.609 ▼	-10,61%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - IGE.Producto interior bruto municipal. Base 2010, IGE. Cifras poboacionais de referencia (21-12-2016)

Os datos de 2010 e 2012 son agora definitivos, os de 2014 son provisionais.


## VALOR ENGADIDO BRUTO (VEB – INFORMACIÓN POR COMARCAS)

### VALOR ENGADIDO BRUTO (VEB) DAS COMARCAS DAS SETE GRANDES CIDADES GALEGAS

- En cifras absolutas Pontevedra presenta o menor Valor Engadido Bruto do conxunto das comarcas que engloban as sete grandes cidades galegas con 2.064 millóns de euros no ano 2014.
- Entre os anos con dispoñibilidade de datos (2010, 2012 e 2014) o VEB descendeu nestas comarcas, especialmente nas de Santiago (-12,03%) Ourense (-9,42) e Ferrol (-8,907%). A Coruña é a única comarca cunha evolución positiva no citado período (7,44%) impulsada pola cifra provisional correspondente ao VEB do 2014.
- A Comarca de Pontevedra sitúase nunha posición intermedia cun descenso do (-8,12) .

Figura 183

VEB das comarcas das sete grandes cidades galegas 2010 – 2014 e evolución



Miles de €	2010	2012	2014	Variación 2010-2014
Pontevedra	2.246.537	2.153.499	2.064.148	-8,12%
Vigo	9.184.632	8.623.130	8.599.666	-6,37%
A Coruña	9.693.910	9.524.340	10.415.266	7,44%
Santiago	4.148.934	3.867.366	3.649.740	-12,03%
Ferrol	2.679.838	2.474.184	2.441.331	-8,90%
Lugo	2.472.905	2.381.307	2.356.941	-4,69%
Ourense	3.156.531	2.924.337	2.859.156	-9,42%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Produto interior bruto municipal. Base 2010. (21-12-2016)


\* Os datos de 2010 e 2012 son agora definitivos, os de 2014 son provisionais.

## VALOR ENGADIDO BRUTO (VEB) DA COMARCA DE PONTEVEDRA POR RAMAS DE ACTIVIDADE

- Catro actividades concentran o 89,91% do VEB da Comarca de Pontevedra: “AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos”, “Comercio, transporte e hostalería”, “Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais” e “Construción”
- Dentro dun marco xeral de descenso do VEB entre os anos 2010 e 2014 destacan os incremento nas ramas de Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos, a industria agroalimentaria, e en enerxía.

**Figura 184**

### Distribución do VEB comarcal por ramas de actividade, 2014



Miles de €	2010	2012	2014	Variación 2010-2014
<b>Comarca de Pontevedra</b>	<b>2.246.537</b>	<b>2.153.499</b>	<b>2.064.148</b>	<b>-8,12%</b>
Sector primario	25.572	25.255	22.404	-12,39%
Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos	1.125	7.105	6.407	469,51%
Industria agroalimentaria	34.428	31.692	45.592	32,43%
Madeira, papel e mobles	113.656	76.653	16.532	-85,45%
Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria	17.814	14.562	17.046	-4,31%
Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais	23.595	22.800	22.179	-6,00%
Resto da industria	16.648	15.318	13.918	-16,40%
Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos	45.572	45.425	52.803	15,87%
Construción	232.861	225.042	199.309	-14,41%
Comercio, transporte e hostalería	487.229	480.655	442.477	-9,19%
Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais	458.285	458.829	464.715	1,40%
AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos	789.752	750.163	760.766	-3,67%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Produto interior bruto municipal. Base 2010. (21-12-2016)

\* Os datos de 2010 e 2012 son agora definitivos, os de 2014 son provisionais.





# ÁMBITO

ECONOMÍA SOCIAL E  
SOLIDARIA


## ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

## ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA NAS SETE CIDADES DE GALICIA

- Pontevedra conta con preto de 160 entidades de Economía Social e Solidaria(ESS) segundo a definición da Lei de Economía Social de Galicia sen contar Asociacións nin Fundacións con actividade económica (ver nota).
- En Pontevedra, ao igual que no resto de grandes cidades predominan dentro da ESS as Sociedades Laborais que representan o 70% do total nesta cidade.
- Destaca o reducido número de cooperativas existentes en Pontevedra (15) mentres que o resto de cidades galegas rexistran entre as 131 de Vigo ás 28 de Ferrol.

Figura 185

Principais cifras da economía social e solidaria no concello de Pontevedra e nas sete grandes cidades galegas, 2016.



	A Coruña	Ferrol	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Cooperativas	63	28	78	66	58	15	131
Societades Laborais	166	38	84	97	100	108	233
Centros Especiais de Emprego	14	4	15	5	1	8	9
Empresas de Inserción	0	0	3	2	1	2	1
Societades Agrarias de Transformación	2	2	3	6	9	0	1

> Fonte: Elaboración propia a partir de Rexistros oficiais da Xunta de Galicia.

Nota: En Pontevedra localízanse 19 Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común que suman 1.792ha e 2.915 comuneiros (ver ámbito Forestal) e 2 Confrarías: San Telmo (51 empresas afiliadas e 256 traballadores) e Lourizán (sen datos).


En canto as asociacións e fundacións enmarcadas na Economía Social e Solidaria non foi posible identificar aquelas con actividade económica dado que as fontes oficiais non proporcionan esta información.

## CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- O Concello de Pontevedra dispón de 8 Centros Especiais de Emprego. Santiago e A Coruña son as cidades que dispoñen de máis centros desta tipoloxía con 15 e 14 respectivamente.
